



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Decembro 2021 • Nº 262

Mensaxe de *Nadal*

Coa chegada do 2022...

...Hai novos proxectos!

...Hai ilusión!


...Hai bos desexos para a nosa
veciñanza!

...Hai Vedra!!

Bo nadal!!!

PRESENTACIÓN DO LIBRO “TROBAR DO AR” DE XOSÉ MANUEL LOBATO

- Data: xoves 16 de decembro
- Hora: Ás 19:00 horas
- Lugar: A casa da Estación de Tren
- Haberá actuación musical



SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría na iluminación pública chama ao teléfono 699 304 702 de luns a venres ou ao 902 650 365 para emerxencias en calquera horario.

DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

OFICINAS XERAIS

■ A atención ao público é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas. Consultas, información, etc... no teléfono 981 814 612 ou no enderezo electrónico vedra@concello-devedra.com

TAXIS EN VEDRA

- Pena Alonso (San Pedro de Sarandón) 630 876 188
- Núñez Rúa (Illobre) 695 445 595
- Furelos Magariños (Vilanova) 687 626 935

AVISOS DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO 012

■ A Xunta de Galicia coordina a loita contra a vespa velutina, polo que os avisos de niños deberán ser notificados ao 012.

RENOVACIÓN DA DEMANDA DE EMPREGO

■ A renovación da demanda de emprego é obrigatoriamente presencial.

Polo tanto se queres renovar a túa tarxeta de desemprego no concello SOLICITA CITA PREVIA no teléfono 981 814 692 (como mínimo 5 días antes da data sinalada). Lembre que podes facer a renovación o día indicado na túa tarxeta de desemprego ou ata 2 días antes

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Cada terceiro martes de mes no Salón de Plenos Municipal. Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

En decembro a cita será o martes 21.



Sinatura do Pacto de Amizade co Municipio Italiano de Capannori.



Reunión transnacional do Proxecto Erasmus + "Entrando na Economía GIG" que se desenvolveu en Italia.



Unha das oito xuntanzas do alcalde coa veciñanza, que continuarán no mes de decembro ata completar as doce parroquias vedresas.



Exposición do pintor Jesús Damiá na Casa das Artes de Vedra.



Participación de Vedra no Fairway cunha caseta xunto cos concellos de Boqueixón, Touro e Vila de Cruces. Ademais nesta edición Vedra participou das actividades de promoción propostas pola Asociación de Municipios do Camiño de Inverno.





Visita do alumnado de Educación Social da USC a Vedra para coñecer a súa política cultural e recursos locais, así como as experiencias das asociacións Raiceiros, Senunpeso e Papaventos.



Exposición Retratando en prata, con Agadea, en Vedra.



A conmemoración do 25N en Vedra.



Música polo Bo Trato a cargo da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



O espectáculo Concertasso na horta do programa "Falaredes" da Secretaría Xeral de Política Lingüística



Así foi a andaina a Compostela, última etapa das 6 realizadas polos concellos do "Camiño de Inverno".

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



O 20 aniversario da Asociación Raiceiros que o celebrou con exposicións, proxeccións audiovisuais, coloquios, rutas, concertos, visitas escolares e contacontos.



O LAV.mov, da Asociación SENUNPESO, acolleu unha nova edición do Concurso A Fume de Carozo.



XUNTANZAS DO ALCALDE COA VECIÑANZA

■ En decembro remata este espazo de reunión presencial en cada parroquia, nas que o Alcalde se pon a disposición da veciñanza para falar e tratar temas

de interese xeral así como responder a todas as cuestións que se formulen.

DATA	LUGAR	HORARIO
Xoves 2 de decembro	Local Social San Pedro de Vilanova	Ás 20.30 h
Martes 7 de decembro	Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20.30 h
Xoves 9 de decembro	Local Social Ponte Ulla	Ás 20.30 h
Luns 13 de decembro	Local Social de San Xián	Ás 20.30 h

Medio Ambiente

■ Ás portas do Nadal, máis que nunca lembramos a importancia dunha recollida do lixo correctamente separada e clasificada que suporá un aforro nos recibos da súa recollida!!
Para iso contas cos seguintes servizos municipais...

PUNTO LIMPO DE VEDRA

- Horario:
- Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
 - Sábado de 9:00 a 14:00 horas.

Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ O Concello presta este servizo á veciñanza para eses casos nos que non podes trasladar os teus voluminosos ao Punto Limpo.


Para facer uso deste servizo chama ao 981 814 612 e reserva a túa cita.



DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

■ Vedra contará moi pronto con dous puntos de recarga para vehículos eléctricos subvencionados polo programa PLAN MOVES 2021.

Moita atención a vindeiros números deste boletín no que indicaremos a situación dos mesmos.



Promoción Económica

A FIBRA EN VEDRA

■ Entre o 80% e o 90% de Vedra contará con cobertura de fibra a finais do 2021, se ben se segue a traballar en acadar o 100% o máis pronto posible, tentando cubrir a aquelas vivendas e negocios illados que se at-

pan a máis de 400 metros da infraestrutura existente.

Consultas e información no teléfono: 669 573 351



A ESTACIÓN, CENTRO DE EMPRENDEMENTO

■ O 1 de decembro reactivamos o Centro de Emprendemento “A Estación”. Este espazo multifuncional albergará unha zona de traballo coworking para proxectos emprendedores e empresariais.

O centro contará cun servizo continuo, presencial e personalizado de asesoramento, consultaría e titoría, orientado á posta en marcha, seguimento e aceleración de ideas, negocios e empresas.

Tratase de apoiar e monitorar cada proxecto dende a idea inicial ata que se converta nun negocio viable con suficiente madurez competitiva.

Cada proxecto seleccionado entrará nun programa de asesoramento individualizado e grupal articulado en sesións de avaliación, capacitación e acompañamento, que incluírán tanto aspectos de orientación de mercado, desenvolvemento de produto ou servizo, plan de negocio, márketing, financiamento ou aspectos de xestión xeral. Admitíranse:

- Proxectos de persoas emprendedoras, para os que serviremos de incubadora de negocios.
- Empresas xa existentes, coas que realizaremos un

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO



labor de reconversión ou de aceleración de liñas de negocio, en funcións dos seus intereses e necesidades.

“A Estación” quere converterse nun espazo estimulador da economía local de Vedra e dos seus sectores produtivos ao mesmo tempo que pretende favorecer as relacións de colaboración entre diferentes persoas e negocios. A súa finalidade é impulsar a creación e consolidación de bos proxectos empresariais dotándoos de recursos públicos de apoio, contribuíndo así á diversificación e incremento do tecido produtivo do Concello.

Pódese solicitar información no teléfono 981 512 244 e no correo electrónico aestacion@concellodevedra.com ou aulamentor@concellodevedra.com



Educación



VEDRA MEDRA

■ Leva camiño de ir rematando... este 2021

Ten todas as trazas, ou iso parece. O ano 2021 logo chega á súa fin, pero en Vedra medra aínda nos queda moito por facer. Primeiro, os cativos de educación infantil chegaranse a San Miguel de Sarandón para revivir a tradición das cantarelas de Nadal. Cara o final de decembro subirán ao Pico Sacro da man de “Ás tantas e pico” o alumnado de 5.º de E.P. Esta vez, a andaina ten un obxectivo, descubrir e revitalizar as lendas asociadas a este lugar mítico tan próximo a nós. E no centro educativo continuamos matinando na Escola de menciñeiros, na recuperación do léxico patrimonial ullán, descubrinto novos talentos escribidores, participando en obradoiros de ciencia en galego e colaborando coas asociacións culturais vedresas. A mediados de novembro, tocoulle á rapazada de 4.º da ESO visitar a estación do tren de Santa Cruz de Ribadulla onde

Raiceiros tiña exposta ao público unha mostra da súa produción nas dúas últimas décadas. Vedra



medra quixo recoñecer coa súa presenza o intenso e continuado labor de valorización do patrimonio local que esta asociación veu levando a cabo e agradecer de paso a súa colaboración activa nesta aposta nosa por mantelo vivo nas aulas.

En Vedra medra seguimos creando escola e para facer visible o noso traballo, subimos as novas que o proxecto vai xerando á web do CPI de Vedra e ás redes, no Facebook Vedra medra.

Nadal

Municipal 2021

CAMPAÑA "PAPÁ NOEL VISITA EN LIÑA OS COLES DE VEDRA"

...Antes de rematar a escola e coller as merecidas vacacións, toca que Santa Claus se achegue virtualmente ás aulas vedresas para recoller as orixinais e variadas peticións dos e das escolares!

LUDONADAL

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación terá o seguinte horario :

De luns a venres de 8:30 a 14:30 h. excepto festivos e non laborais (24 e 31 de decembro)

11 e 18 de decembro

OBRADOIROS ARTÍSTICOS DE NADAL

A artista Lupe Cabal porá na Casa das Artes o punto artístico a este Nadal:



O sábado 11 de decembro:

SESIÓN INFANTIL (Para maiores de 8 anos)

Prezo: 20 €

O sábado 18 de decembro:

SESIÓN ADULTA

Prezo: 25 €

Inscripción previa no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com



18 de decembro

Festival de Nadal de CORAIS



Sábado 18
de decembro ás
19:00 h.



Centro
Sociocultural
de Vedra

Participan:

Coral Voces Amigas de Moraña

Coral Polifónica de Barro

Coral da Terceira Idade de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

26 de decembro

ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL E CONTACONTOS CON ALBA GRANDE.

A nave da Estación será o escenario expositor para todas as tarxetas presentadas ao Concurso de tarxetas de Nadal. O 26 de decembro ás 19:00 horas será o momento da entrega de agasallos ás premiadas en cada categoría.

Antes, ás 18:00 horas haberá sesión de contacontos a cargo de Alba Grande, actuación incluída na Rede Cultural da Deputación da Coruña 2021.

29 de decembro

TORNEO DE XADREZ DE NADAL

29 DE DECEMBRO ÁS 16:30 HORAS NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

Haberá agasallos para todos os participantes

Inscripción previa no teléfono 981 814 691
ou no enderezo electrónico
cultura@concellodevedra.com



Concello
de Vedra



Nadal

Municipal 2021

5 de xaneiro

AS SÚAS MAXESTADES VISITAN VEDRA

Coa actuación musical do Trío De tres.

Coa recepción dos Reis Magos na Nave da Estación.



8 de xaneiro

CARREIRA SOLIDARIA

VI CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA
XVI CARREIRA POPULAR DE VEDRA
IV ANDAINA SOLIDARIA

8 de XANEIRO de 2022
Pavillón Municipal de Vedra

Ás 18:30 h. **CARREIRA ABSOLUTA E SUB 18:** 6.500 m.
 Ás 18:40 h. **ANDAINA SOLIDARIA:** 5.000 m.

Inscripcións ata as 23:59 h, do mércores **5 de xaneiro de 2022** na páxina vedrasolidario.galitiming.com

Carreiras absoluta e SUB 18:
 Os/as participantes das carreiras absoluta e SUB 18 na inscrición farán un donativo de 2,00€ que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra. Para recoller o dorsal o día da proba será necesario entregar copia do certificado de vacinación ou pcr negativa. Solo haberá trofeos para as tres primeiras persoas clasificadas da absoluta.

Andaina solidaria:
 Os/as participantes da andaina para a recollida do dorsal farán un donativo de 2,00€ (que será destinado a persoas usuarias de Servizos Sociais do concello de Vedra) e /ou doar 1 kg. de alimentos non perecedeiros ou cunha caducidade mínima de 4-5 meses (recomendándose aceite, conservas, produtos de hixiene e de limpeza).

Habilitarase un dorsal nº 0 para aquelas persoas que queiran participar na doazón sen tomar parte da proba.

Información no teléfono 981 814 691

HAI VEDRA



hai Vedra

Merca en Vedra!

Este Nadal ... Hai Vedra! Merca os teus agasallos, adquiere produtos de calidade e axuda ao comercio local

01 Descubre

Visita a web haivedra.gal. Atoparás máis de 1000 produtos de case 20 comercios de Vedra. HaiVedra é unha tenda en liña promovida polo Concello de Vedra en colaboración con todos os comercios do concello.



02 Escolle

Libros, bolsos, camisetas, artesanía, xoguetes, manualidades, ferretería, mel, verduras, carteiras, electrónica... Navega polas categorías da web e escolle o que máis che guste.

03 Selecciona

Cando elixas o teu produto podes engadilo ao carriño. Escolle tantos produtos como queiras. Da igual de cantos comercios! Cada produto indica que comercio o pon á venda.



04 Merca

No carriño poderás seleccionar a forma de pago e o método de envío para cada produto. Tes moitas opcións para seleccionar a mellor para ti!

E Lembra

- Hai Vedra é un comercio seguro no que poder facer as mercas con confianza.
- Se tes un comercio é queres vender en haivedra, podes poñerte en contacto co Concello ou enviar un email a tenda@haivedra.gal
- Se durante o proceso de compra ou de actualización tes algunha incidencia envíanos un correo electrónico a sopORTE@haivedra.gal



Nadal

Asociativo 2021

ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

Operación Kilo



Recollida de alimentos e de produtos de hixiene; entregaranse aos Servizos Sociais Municipais

Os produtos recolleranse os días das Cantarelas e da Festa de Ano Novo

Lugar das actividades:
Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón

Para máis información e inscricións:
649864269 / 675045193

Email: acsancampio@gmail.com



PROGRAMA DE ACTIVIDADES NADAL



san campio
ASOCIACIÓN CULTURAL



acsancampio@gmail.com

<https://www.facebook.com/AC-San-Campio>

FESTIVAL DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

19 DE DECEMBRO ÁS 17:30

Festival de Nadal

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIVADULLA

Nave da Estación de Tren



Concello de Vedra | Ramsa Grupo s Ferroatlántica | Deputación DA CORUÑA | Ulla O/s.l.

ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL

AMABUL
Sección Xuvenil

ESCOLA AMBIENTAL DE NADAL

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)
do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

CAMPAMENTO BENXAMÍN
(Nenas/os nadas/os entre 2016 e 2018)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nadas/os entre 2009 e 2015)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Mozas/os nadas/os antes de 2009)

ACTIVIDADES:
Xogos ambientais
Descubertas da contorna
Aprendizaxe sensorial Saídas de campo
Obradoiros de mellora do medio
Actividades de investigación
Xincanas ambientais Coesinanza libre

PRAZAS LIMITADAS DE ACORDO AOS "PROTOCOLOS E RESTRICCIÓNS COVID"
MAIS INFO E INSCRICIÓN: www.amabul.org

AMABUL programa de capacitación ambiental | ASOCIACIÓN AMABUL ama a biodiversidade ulla | Concello de Vedra

CANTARELIÑAS DE NADAL

Martes 7 de decembro;
casas e camiños de Sarandón

Actividade en colaboración co CPI de Vedra;
alumnado de infantil e secundaria.



CANTARELAS DE NADAL

Luns 27 de decembro, ás 19:00 h.

xuntanza na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón.

Cantares, música e baile, petiscos varios,
chocolate con churros...

* Prazas limitadas

FESTA DE ANO NOVO INFANTIL E FAMILIAR

Domingo 2 de xaneiro, ás 18:00 h.

na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón.

Discoteca, show de clásicos infantís,
karaoke, fotocall, actuacións varias e voluntarias, sorteos, petiscos e larpeiradas,
campanadas, cotillón de fin de ano, brindis con champán, carteiro real e moitas sorpresas.

* Prazas limitadas



Nadal

Asociativo 2021

ANPA DO CEIP ORTIGUEIRA

ASOCIACIÓN BERENGUELA POLA IGUALDADE

CAMPAMENTO
de nadal

XOGO IGUALDADE EDUCACIÓN COOPERACIÓN APRENDIZAXE

22-24 | 27-31 DEC
03-05 | 07 XAN

10:00-14:00

SERVIZO MADRUGA*
08:00 - 10:00
*BAIXO DEMANDA

CEIP ORTIGUEIRA
STA. CRUZ DE RIBADULLA

PREZO SOCI@S: 40€
PREZO NON SOCI@S: 60€

INSCRIPCIÓN:
WHATS-APP 672 45 86 90

DECEMBRO
26 + 30
2021

Inscríbete aquí:
<https://forms.gle/nfxa9dm43PA5LTCB8>

-DÍA 26. 19:15H "COSTUREIRAS"
A VIDA DAS COSTUREIRAS, QUE ENRIBA DAS SÚAS CABEZAS CARREGABAN A MÁQUINA DE COSER E DEBAIXO, MIL COUSAS QUE PENSAR... MIL COUSAS QUE CONTAR. CON ÁNGELES GOÁS E FELIPE DÍAZ "CAXOTO" A TRAVÉS DE TARABELA CREATIVA

-DÍA 30. 20:30H "CONTOS DA TORRE, DO FOCO E DO ROMARIZ"
CONTOS DE PROVECENDE, DE QUENDE, DE VILLARENTE... CONTOS DE MULLERES E DE HOMES, DE SABIOS E DE PARVOS, DE RISA E DE PRANTO... CONTOS QUE ME CONTARON E QUE LEVO COMIGO SEMPRE. DA MAN DE ÁNGELES GOÁS

NADAL EN IGUALDADE A TRAVÉS DA NARRACIÓN ORAL

NAVE DA ESTACIÓN DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA (VEDRA)
CUN APERITIVO AO REMATE PARA A CASA!*

Berenguela

CONCERTO DE ANINOVO DA BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA

29 de decembro

VIAXE PARA VISITAR AS LUCES DE NADAL DE VIGO

Mércores 29 de decembro, saída ás 16:00 h.

Prezo: 10 €

Aberto a todas as persoas interesadas

Máis información e inscricións:

619520793 - acuxuve@gmail.com

Organiza: Asociación ACUXUVE

CONCERTO DE ANINOVO
Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla

Domingo, 2 de xaneiro de 2022
ás 13:00 h. na Nave da Estación

MUSCR



VEDRA A TRAVÉS


■ O Concello de Vedra, en colaboración coas empresas locais ANACOS e GEO e co apoio do GDR Terras de Compostela está a desenvolver o programa de itinerarios educativos: "Vedra a través." Dirixido a escolares dos ciclos de infantil, primaria, ESO e bacharelato, conta con catro rutas para coñecer Vedra a través dos pazos, do camiño, dos muíños e do río.

No mes de novembro presentouse o programa a un grupo de profesorado e alumnado como experiencia piloto.



V12. DE PARROQUIA EN PARROQUIA

■ Este mes de decembro despedímonos da V12 despois dun ano paseando de parroquia en parroquia, e facémolo ca parroquia de Trobe onde aproveitaremos a ocasión para falar de arte e literatura.



CHEGAR E ENCHER

■ A cámara de Son Vedra segue colándose en cada unha das nosas tabernas, para coñecer os nosos hostaleiros e hostaleiras e gozar das súas especialidades. Xa levamos 8 tabernas cal será a seguinte?


CHEGAR E ENCHER!

I CONCURSO DE FOTOS "A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA"

■ Despois de meses fotografando todas e cada unha das uvas do concello xa temos aquí as imaxes gañadoras do concurso que foron:

- Modalidade 1: A paisaxe, o patrimonio, a tradición e a innovación vitivinícola na Ribeira do Ulla: Lourdes Martínez Rodeiro.
- Modalidade 2: Os labores para o coidado do viñado: Daniel Jácome Amarante
- Modalidade 3: A vendima: Laura Rubio Lareu
- Modalidade 4: A elaboración do viño na adega: Ramón Clavijo Salgado

Concorreron un total de 61 fotografías. O noso agradecementos a todas as persoas participantes.





LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo.

O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar, habilidades e reformular o sistema de valores individuais e da comunidade; por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como: a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferenzas, etc.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais.
- Obradoiro de adornos de Nadal.
- Visita de Papa Noel.
- Cartas aos Reis.
- SuperChef, Roscón de Reis.
- Gran festa despedida de ano.

E moitas sorpresas máis!!!

Durante as vacacións de Nadal a ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación terá o seguinte horario:

- De luns a venres de 8.30 a 14.30 h. excepto festivos e non laborais (24 e 31 de decembro).

Anímate e goza do Nadal connosco!

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Vedra

Xuventude



Consumo

CURSO MONITORADO DE TEMPO LIBRE

■ Nova oportunidade para realizar o Curso de Monitorado de actividades de tempo libre.

200 h. fase teórico-práctica
150 h. fase práctica

CURSO

*Monitorado de
Actividades de
Tempo Libre*

Cota de inscrición: 150 €
Curso homologado pola Xunta de Galicia

Prazo de inscrición: ata o 17 de decembro
Datas previstas de desenvolvemento: inicio en Nadal, intensivo en Semana Santa e complementado con algunha fin de semana

+ Información e inscricións:
Vedra: 981814691 / www.concellodevedra.com
Boqueixón: 981513115 / www.boqueixon.gal

Concello de Vedra

"CONSUMO RESPONDE"

■ Programa de Obradoiros sobre Servizos Financeiros.



Data: Mércores 15 de decembro ás 20:00 horas.

Lugar: Centro Social de Vedra.

Temas a tratar:

- Información e asesoramento en materia bancaria e financeira.
- Tipos de contas bancarias, contas básicas.
- Comisións.
- Créditos ao consumo e tarxetas revolving.
- Hipotecas e avais.
- Xestións básicas na banca electrónica ou caixeiro.
- Peche de sucursais.
- Despois da exposición haberá un espazo para preguntas.



VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, emerxencia, apoio e acollida e recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padece-la ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas**
- **CIM, centro de información á muller:**
 - Atención xurídica: venres de 8.00 a 15.00 h.
 - Atención psicolóxica: martes de 8.00 a 15.00 h.
- **TELÉFONO 981 814 693**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, asesoramento xurídico e atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma.

Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar..
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



**Concello
de Vedra**

**MANIFESTO INSTITUCIONAL
25N DO CONCELLO DE VEDRA**

Podes lelo na web municipal.





CURSOS INSTRUMENTAIS DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

CURSO DE CLARINETE

David Nogueira

22 E 23 DE DECEMBRO DE 2021

Casa Cultural de Santa de Cruz de Rivadulla

Tlf. de contacto 615343990

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA



CURSO DE SAXOFÓN

Adrián Sánchez

22 E 23 DE DECEMBRO DE 2021

Casa Cultural de Santa de Cruz de Rivadulla

Tlf. de contacto 615343990

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA



CURSO DE TROMPETA

Victor Manuel Vilaríño

27 E 28 DE DECEMBRO DE 2021

Casa Cultural de Santa de Cruz de Rivadulla

Tlf. de contacto 615343990

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA





CRÓNICA CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Na mesma fin de semana de novembro, na que as Categorías absolutas do Club Olímpico de Vedra poñían fin á tempada 2021, na que tanto os equipos masculinos como femininos conseguían a permanencia un ano mais na segunda división da Liga Nacional de dúatlon e da Liga Nacional de triatlón; as escolas de atletismo e triatlón do Club, participaban na **primeira competición da tempada 2021/2022**. O Club afronta este novo curso, co maior número de licenzas de atletismo e triatlón ata a data, **superando as 150 licenzas** totais.

O día 13 deste mes, algún dos máis pequenos do club, por fin retomaban a actividade competitiva, e con moita ilusión participaban na I xornada de atletismo en pista da Deputación da Coruña celebrada en Ribeira, e no Nada e Corre Zonal celebrado en Murros, facéndose os pequenos con algunha que outra medalla.

Esperemos que máis pronto que tarde, todas as categorías e todos os cativos e cativas poidan debutar e volver á competición, revivindo os nervios e alegrías da competición cos compañeiros, gozando do e co deporte, e facendo equipo entre todos e todas.

Que estas competicións sexan as primeiras de moitas por gozar ao longo da tempada que queda por diante.



XORNADA DE BAILE TRADICIONAL COA ASOCIACIÓN DE GAITEIRAS GALEGAS

■ **Data:** O domingo 12 de decembro.
Na Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.
Consultas e información no teléfono 981 814 691.



ANPA CEIP ORTIGUEIRA

■ A ANPA do CEIP Ortigueira desenvolveu arredor da conmemoración do Día Internacional en Contra da Violencia de Xénero obradoiros en todas as aulas do centro escolar.

Estas accións foron posibles grazas á Subvención recibida pola Secretaría Xeral de Igualdade.



Parabéns

AO PAZO DE ORTIGUEIRA

■ Pola súa adhesión como xardín da Ruta da Camelia á Ruta Europea de Xardíns Históricos (European Route of Historic Gardens) a cal é un dos itinerarios certificados polo Consello de Europa, que existe desde o 1987 e que a día de hoxe ten 38 rutas temáticas identificadas en 60 países de Europa.

PARABÉNS AO PAZO POR SER UN DESTES XARDÍNS, que implica unha garantía de excelencia que lle permitirá beneficiarse dunha serie de actividades innovadoras:

- A cooperación en investigación e desenvolvemento.
- A mellora da memoria, historia e patrimonio europeo.
- Os intercambios culturais e educativos para a mocidade europea.
- A práctica cultural e artística contemporánea.

- O turismo cultural e desenvolvemento cultural sostible.
- As sinerxías entre as autoridades nacionais, rexionais e locais.



A VÍCTOR BOUZÓN GARCÍA DO OLÍMPICO DE VEDRA

■ Pola súa participación no PROTOUR 2021 DE TRIATLON celebrado en Madrid, proba á que soamente tiñan acceso 40 TRIATLETAS DE TODO O PAÍS. Víctor conseguía a súa praza tras a súa destacada actuación no campionato de España de triatlón distancia sprint en Pontevedra, finalizando o Protour nun 14º posto na semifinal quedando a tan so 3 postos de clasificarse para a final por tempos. O día 30 participaba no CAMPIONATO DO MUNDO DE ACTUATLÓN celebrado en Cáceres, obtendo un 7º posto na categoría SUB23.



Á ASOCIACIÓN RAICEIROS

■ Polos seus 20 anos de historia e polo seu labor na recuperación do patrimonio da comarca da Ulla.

A por outros 20!!



Última Hora

CAMPAÑA DE ESQUÍ 2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

■ A Deputación da Coruña dentro da programación deportiva para o ano 2022 pon en marcha a Campaña de neve 2022 que terá lugar na Estación Invernal de Valgrande-Pajares (Asturias).

O Concello de Vedra ten adxudicadas **5 prazas** para a 3ª quenda que terá lugar dende o **28/01/22 ata o 31/01/22**. Os participantes neste programa gozarán de catro días con aloxamento e manutención, ademais de cursos de esquí.

Para participar é preciso ter entre **12 e 15 anos** (cum-

pridos a 31 de decembro de 2021) e estar empadroados en Vedra.

Prezo por praza: 85 € (inclúe transporte, estancia, manutención, monitorado, actividades de esquí, seguros,...)

+Información no teléfono 981 814 691.

Prazo de preinscrición: ata o 14 de decembro.

Se houbese máis solicitudes que prazas concedidas, realizaremos un sorteo público para seleccionar os rapaces e rapazas participantes desta campaña.

**...se es de Vedra, ...se vives en Vedra,
EMPADRÓATE EN VEDRA!!!**



**Concello
de Vedra**

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.